



Deputación Pontevedra
Presidencia

Pontevedra, 8 de xaneiro de 2010

Estimado/a comerciante,

Teño a ben poñerme en contacto contigo para convidarte ao acto de presentación de resultados da 1ª edición do Plan "Á túa medida", unha actividade impulsada dende a Área de Comercio da Deputación de Pontevedra que se levou a cabo de xeito novidoso durante o segundo semestre de 2009 acadando moi bos resultados entre os comerciantes que tomastes parte nela. O dito acto terá lugar na sede do Padroado de Turismo Rías Baixas o vindeiro **MARTES 2 de febreiro** ás **12:00h.**

Escaparatismo, presentación do produto, distribución do espazo... Con iniciativas coma esta dende a Deputación de Pontevedra queremos ofrecerlles aos pequenos comerciantes da nosa provincia alternativas, oportunidades de mellorar o atractivo dos seus negocios e amosar o noso apoio ao sector.

No acto para o que vos convocamos veremos imaxes do antes e o despois dos comercios que tomaron parte nesta actividade e a presentación aos medios será un momento no que escoitar de primeira man as fórmulas de axuda ao pequeno comercio que dende a institución provincial puxemos en marcha no ano 2009 e que continuarán neste ano 2010.

Anímovos a que reservedes un día na vosa axenda para asistir ao evento de presentación de resultados do Plan "Á túa medida". Dende a Deputación de Pontevedra ofrecémosvos o noso apoio técnico para axudarvos a difundir aquelas medidas que teñan contribuído á vosa formación e a mellorar o atractivo comercial dos vosos negocios.

Recibide un cordial saúdo,

O presidente,

Rafael Louzán Abal

Teléfono de contacto: **Área de comercio: 986.804.100** / comercio@depo.es

Plan “Á túa medida” 2009. Presentación de resultados.

A Deputación de Pontevedra presenta os resultados acadados co plan “Á túa medida”, unha actividade de formación baixo un **formato innovador** que se desenvolveu no segundo semestre do ano 2009 coma un xeito de **axudar aos pequenos comerciantes** a que innovaran na mellora do seu punto de venda.

Escaparatismo, presentación dos produtos e distribución do espazo foron, entre outras, as temáticas traballadas cun especialista en *Visual Merchandising*, que impartiu formación e asesoramento in situ a cada un dos participantes.

A actividade

Coplan “*Á túa medida*” ofreceuse asesoramento gratuíto e personalizado en *Visual Merchandising* no propio comercio. Dende a Área de Comercio da Deputación de Pontevedra otorgouse unha formación personalizada e, en definitiva, un novo xeito de aprender a mellorar a imaxe dos pequenos comercios.

Dirixido a

Foron seleccionados vinte comercios da provincia de Pontevedra con interese en diferenciarse pola súa imaxe e por amosar unha presentación dos seus produtos que resultase atractiva aos seus clientes.

Os comercios que tomaron parte na 1ª edición do plan “*Á túa medida*” foron: Embutidos Bravo (Ribadumia), Calzados Clake (O Grove), Baranda (Vilagarcía), Cacharela (Redondela), Calzados Miver (Forcarei), Casavella (Vigo), Droguería Moderna (Pontevedra), Flores Elena (Barro), Dinos Moda Infantil (Tui), Óptica Prisma (Cangas), Modas Alonso (A Guarda), Pajarería Rodry (Vilagarcía), Pipa Moda Infantil (Cangas), Librería Barrantes (Ribadumia), Tejidos Lalín (Redondela), Viajes Caldas (Caldas de Reis), Viveiros de Lois (Ribadumia), Calzados Yosu (Vilagarcía), Babeca (Tui), Zona Zeta (Tui).

Programa

Entre o 31 de agosto e o 4 de setembro un especialista en *Visual Merchandising* visitou os vinte comercios seleccionados para coñecer de primeira man as súas inxerencias e necesidades. Durante o mes de setembro elaborouse un informe personalizado no que se valorou a imaxe comercial de cada establecemento. Este documento incluía tamén recomendacións de actuación e propostas creativas para cada un dos comercios participantes.

Entre o 19 e o 30 de outubro dous especialistas impartiron 5 horas de formación in situ a cada un dos comercios, amosáronlle como mellorar a imaxe do seu establecemento e a presentación dos seus produtos optimizando os seus recursos.

Entre o 16 e o 19 de decembro o mesmo especialista en *Visual Merchandising* visitou novamente cada un dos establecementos para comprobar como os comerciantes seguiron as recomendacións previas. ¡O plan funcionou!

Ribadumia

Embutidos Bravo

Antes



&

Después



O Grove

Calzado Claké



Antes

&



Después



Vilagarcía
Baranda

Antes



&
Después



Redondela

Cacharella Artesanía

Antes



&



Después

Forcarei

Calzados Miver

Antes



&



Después



Vigo

Casavella

Antes



&



Después



Pontevedra

Drogueria Moderna




Barro

Flores Elena

&

Antes



Después



Tui

Dinos Moda Infantil

Antes



&



Después



A Guarda

Moda Alonso

